



## Teaching Guide

Identifying Data					2015/16
Subject (*)	Estancias Clínicas III		Code	661G01027	
Study programme	Grao en Enfermería				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	Yearly	Third	Obligatoria	18	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites	Ter superadas as Estancias Clínicas I e II para poder cursar esta materia.				
Department	Ciencias da Saúde				
Coordinador	Sanchez Álvarez, Carmen Mª	E-mail	carmen.sanchez@udc.es		
Lecturers	Sanchez Álvarez, Carmen Mª	E-mail	carmen.sanchez@udc.es		
Web	www.campusvirtual.udc.es/moodle				
General description	<p>Estancias Clínicas que corresponden ó nivel II ou intermedio da aprendizaxe práctica orientadas a adquisición de competencias por parte dos estudantes para seren capaces de colaborar cos equipos de enfermería nos cuidados básicos os usuarios con distintos problemas clínicos dende unha perspectiva de práctica científica, reflexiva e humanística. Relaciónase con as asignaturas da Área de Enfermería que teñen como eixo central os Cuidados de Enfermería en distintas situacións i etapas do ciclo vital. A incorporación dos estudantes ó medio hospitalario orientase cara a integración de coñecementos teóricos, habilidades e actitudes en situacións de cuidado real.</p>				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermería para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2.- Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3.- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4.- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou sociosanitario	A62	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10 B14 B22	C1 C3 C4 C7 C12
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias ou grupos.	A62	B1 B7 B9 B10 B11 B14 B15 B16 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12



<p>Aplicar o PAE integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital. Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.</p>	A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12
<p>Actuar segundo os principios éticos e legáis que guían á profesión. Cumprir as normas de funcionamento das Institucións Sanitarias.</p>	A62	B1 B6 B8 B9 B11 B12 B13 B16 B20 B24	C1 C3 C4 C7 C11 C12

Contents	
Topic	Sub-topic



<p>Prácticas clínicas tuteladas, realizadas en institucións hospitalarias en unidades medico-cirúrxicas, de saúde mental e institucións sociosanitarias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización do ingreso de doentes segundo protocolo.</li> <li>- Manexo seguro do material estéril, material contaminado e punzantes, previndo os riscos.</li> <li>- Medición, avaliación e rexistro de constantes vitais e parámetros antropométricos.</li> <li>Realización e interpretación do EKG básico.</li> <li>- Realización de curas.</li> <li>- Asistencia e circulación no quirófano. Instrumentación básica.</li> <li>- Aplicación, segundo protocolo, de medidas de illamento (respiratorio, de contacto...)</li> <li>- Recollida de mostras biolóxicas para análise.</li> <li>- Axuda ó doente encamado nas actividades de autocoidado: hixiene, alimentación, eliminación e mobilidade.</li> <li>- Mobilización e asistencia ó doente para adoptar e manter distintas posicións, exercicios básicos para previr problemas derivados da inmovilidade prolongada.</li> <li>- Aplicación das medidas preventivas e de tratamento das úlceras por decúbito.</li> <li>- Preparación e administración de fármacos por vía oral, tópica, rectal, ótica, nasal, oftálmica, inhalatoria, vaxinal, subcutánea, intradérmica, intramuscular e intravenosa.</li> <li>- Realización de venoclisis e soroterapia. Mantemento.</li> <li>- Realización das técnicas básicas de fisioterapia respiratoria(clapping, aerosolterapia, drenaxe postural, tos asistida, uso de incentivadores...)</li> <li>- Aplicación de medidas para o mantemento da temperatura corporal dentro dos límites fisiolóxicos.</li> <li>- Realización de sondaxe vesical, rectal e nasogástrico. Mantemento.</li> <li>- Aplicación de oxigenoterapia. Mantemento e avaliación.</li> <li>- Adecuación da dieta do doente en función da súa doenza e tolerancia. Aplicación de coidados de alimentación enteral e/ou parenteral.</li> <li>- Realización de balances hídricos.</li> <li>- Realización e avaliación de glicemias.</li> <li>- Administración e mantemento de transfusións sanguíneas.</li> <li>- Realización de coidados postmortem. Relación de axuda e apoio ós familiares</li> </ul>
--	--

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Problem solving	A62 B1 B3 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	1	45	46
Student portfolio	A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B19 B22 C1 C3 C7 C10 C11 C12	0	2	2
Introductory activities	A62 B1 B10 C11	1	0	1
Seminar	A62 B1 B4 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B20	2	0	2
Oral presentation	A62 B1 B4 B5 B8 B11 B14 C1 C3 C7 C10 C11 C12	3	0	3



Clinical practice placement	A57 A56 A39 A37 A36 A35 A28 A23 A16 A14 A13 A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	360	34	394
Personalized attention		2	0	2
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Problem solving	Actividade na que o estudante selecciona unha situación clínica concreta a fin de identificar e valorar os problemas de saúde para realizar unha planificación de cuidados individualizada. Terá que realizar un plano de cuidados individualizado en cada un dos dous rotatorios clínicos. Un plano de cuidados médico e un plano de cuidados cirúrxico.
Student portfolio	O portafolio do estudante constará de dúas partes: 1- MEMORIA DE PRÁCTICAS, integrada pola valoración crítica das unidades de rotación, a avaliación da aprendizaxe e a autoavaliación do estudante mediante items normatizados. As suxerencias de mellora no que respecta a asignatura. 2- DIARIO REFLEXIVO DE PRÁCTICAS, como exercicio de introspección respecto da experiencia clínica e valoración das perspectivas profesionais e persoais.
Introductory activities	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no entorno hospitalario. Realizarase unha sesión na aula na que se especificarán tódolos aspectos precisos para o correcto desenvolvemento da materia. Especificaránse todos os traballos a entregar e datas de entrega, sistemas de avaliación e normas das tutorías personalizadas. Responderase, dentro do posible a todas as dúbidas dos estudantes con respecto á materia.
Seminar	Realizaránse dous seminarios previos á rotación polos quirófanos do complexo hospitalario, ao obxecto de practicar unha aprendizaxe colaborativa no ámbito cirúrxico e de xeito teórico-práctico coñecer os requirimentos da actividade cirúrxica e preparar os rotatorios nestas unidades especiais.
Oral presentation	Cada un dos traballos realizados ao longo das prácticas clínicas será presentado, en sesión conxunta de grupos seleccionados, de xeito oral con apoio audiovisual e rolda de preguntas finais.
Clinical practice placement	As Prácticas Clínicas enténdense como un proceso de aprendizaxe no medio real onde ten lugar o exercizo da profesión enfermeira. Proporcionan o estudante a oportunidade de observar e participar nas actividades clínicas deseñadas para aplicar os coñecementos, principios e procedementos da práctica da enfermaría. Desenvolveránse en dous rotatorios de seis semanas de duración, cada un deles, que terán lugar nas unidades médico-cirúrxicas e de saúde mental do CHUAC. Estes rotatorios organizaránse en circuitos integrados para permitir ó estudante abarcar o maior coñecemento posible sobre as unidades clínicas de rotación.

Personalized attention	
Methodologies	Description



<p>Clinical practice placement</p> <p>Problem solving</p> <p>Student portfolio</p> <p>Oral presentation</p> <p>Seminar</p>	<p>A atención persoalizada relacionada coa solución de problemas ten como finalidade orientar os estudantes na realización e presentación dos Planos de Coidados que teñen que realizar en cada rotatorio clínico. Farase de xeito individual o en grupo e será preferiblemente presencial. Aínda que as consultas puntuales poderánse facer a través da páxina web da asignatura.</p> <p>A atención persoalizada relacionada co Portafolio do Alumno ten como finalidade dar unhas pautas orientativas na realización da Autoavaliación e do Diario Reflexivo de Prácticas Clínicas. A tal fin se colgarán os contidos orientativos na páxina web da asignatura e atenderáanse as consultas dos estudantes polo mesmo canal.</p> <p>A atención persoalizada relacionada co Seminario, ten como finalidade entrenar os estudantes nos usos máis habituais nas Áreas Cirúrxicas previa ao seu rotatorio polos quirófanos. Farase mediante simulación teórico-práctica e sesión de preguntas, respostas, análise de situacións e conclusións.</p> <p>A atención persoalizada relacionada coa Presentación Oral ten como finalidade orientar os estudantes no uso da comunicación oral e os medios audiovisuais existentes. Poderá realizarse de xeito presencial o a través da páxina web da asignatura.</p> <p>A atención persoalizada relacionada coas Prácticas Clínicas ten como finalidade atender as consultas dos estudantes relacionadas co seguimento e avaliación dos coñecementos, habilidades e actitudes que o estudante debe acadar. Se fará de forma individualizada e presencial a través das visitas que as profesoras realizan á unidade de prácticas clínicas, outras consultas poderánse facer de xeito virtual mediante o correo electrónico y/ou páxina web da asignatura.</p>
--	--

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Clinical practice placement	A57 A56 A39 A37 A36 A35 A28 A23 A16 A14 A13 A62 B24 B22 B20 B19 B16 B15 B14 B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B1 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Realizarase unha avaliación continuada a través dos criterios ou indicadores establecidos para a valoración das competencias. A asistencia é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido polas profesoras da asignatura e segundo as normas da Escola. Como resultado do rotatorio clínico a Supervisora da Unidade de Práctica Clínica emitirá un informe que será valorado polas profesoras da asignatura para a nota final. Na elaboración do informe teranse en consideración os coñecementos, actitudes, habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do estudante. O estudante coñecerá a ficha de avaliación previamente ó comenzo da Práctica Clínica. Cada un dos rotatorios clínicos avaliarase de xeito individual, e a avaliación conxunta das prácticas clínicas terá un peso do 50% na nota final da asignatura.	50
Problem solving	A62 B1 B3 B8 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Cada un dos traballos realizados ó longo das Prácticas Clínicas avaliarase de xeito individualizado, cos seguintes criterios: 1. Presentación e estrutura: ate 2 puntos. 2. Claridade na redacción: ate 2 puntos. 3. Capacidade de análise y síntese: ate 2 puntos. 4. Capacidade crítica e aportación persoal: ate 4 puntos. O conxunto de ambos traballos terá un peso na nota total da asignatura do 35%. A súa presentación é obrigatoria.	35



Student portfolio	A62 B1 B3 B8 B9 B10 B11 B19 B22 C1 C3 C7 C10 C11 C12	Entregarase, de xeito obrigatorio, ó finalizar os rotatorios clínicos. Avaliarase: 1- A capacidade de síntese na avaliación da aprendizaxe na unidade clínica donde o alumno realizou o rotatorio. A claridade e corrección na redacción: ate 3 puntos 2- A correcta cumplimentación de todos os items de autoavaliación e a capacidade autocrítica do estudante: ate 3 puntos 3- A redacción, presentación, e razoamento reflexivo do Diario de Prácticas, así como a valoración persoal do estudante do seu paso pola unidade clínica e as súas expectativas con respecto a profesión enfermeira: ate 4 puntos O peso total do Portafolio na nota final e do 5%.	5
Oral presentation	A62 B1 B4 B5 B8 B11 B14 C1 C3 C7 C10 C11 C12	A presentación oral dos 2 traballos realizados ó longo do curso e obrigatoria. Realizarase nas datas asinadas pola profesora e avaliarase segundo os criterios que se relacionan a continuación: - Calidade da presentación, ate 2 puntos - Uso adecuado dos recursos audiovisuais, ate 2 puntos - Capacidade de síntese, ate 2 puntos - Dominio dos contidos, ate 4 puntos O peso da presentación oral na nota final da asignatura e do 5%.	5
Seminar	A62 B1 B4 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B20	A asistencia ó Seminario Cirúrxico e obrigatoria e computará un 5% na nota final da asignatura.	5

Assessment comments



## PRÁCTICAS CLÍNICAS:

Para poder realizar as Prácticas Clínicas correspondentes e obrigatorio estar matriculado oficialmente na materia Estancias Clínicas III e ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao en Enfermaría.

Dado que a asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria, as ausencias deberán xustificarse dacordo á normativa xeral do Centro relativa as Estancias Clínicas. Estas serán recuperadas ó remate dos rotatorios establecidos, e antes da data de peche das actas. As faltas non xustificadas serán valoradas segundo o especificado na normativa xeral do Centro.

As datas e os horarios nos que cada estudante realizará as prácticas clínicas publicarase no taboleiro da Escola antes do inicio das mesmas.

A aplicación de la cualificación correspondente realizarase sempre que o estudante teña todas as probas (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Presentación Oral, Seminario e Portafolios) superadas de xeito independente.

Para aprobar a materia e preciso superar de xeito independente todas as probas (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Presentación Oral, Seminario e Portafolios). A non superación de unha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo, segundo criterio do profesor, en cada unha das partes.

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións:

0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable)

O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

Os aspectos e criterios xerais que a ter en consideración ó avaliar as actividades que o estudante ten que realizar (Prácticas Clínicas, Solución de Problemas, Presentación oral, Seminario e Portafolios) serán: asistencia, participación e compromiso individual/grupal, coherencia nos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, na solución de problemas e no Portafolio do alumno; así como as competencias adquiridas para esta materia.

As probas superadas na convocatoria de maio- xuño conservarán a súa cualificación para a convocatoria de xullo, pero será preciso a superación de todas as probas para alcanzar a cualificación definitiva.

Ó finalizar o periodo de prácticas clínicas os estudantes deberán presentar a a Memoria segundo se especifica no regulamento de Estadías Clínicas.

### Avaliación 2ª oportunidade

Dado as metodoloxías utilizadas no desenvolvemento da materia na que na maioría das actividades son presenciais ou relacionadas coa presenza en prácticas (práctica clínica, seminario, solución de problemas), e polo tanto non recuperables, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar: portafolios e presentación oral.

Adianto de oportunidade e estudantes con matrícula parcial, dado que a práctica clínica e unha actividade presencial, non recuperable, non é posible establecer unha avaliación diferente para estes casos.







## Sources of information

<p><b>Basic</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- NANDA International 2011 (2011). ?Razonamiento Crítico para alcanzar resultados de salud positivos?. Ed. Elsevier-Masson. Madrid</li> <li>- NANDA International (2013). Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2012-2014. Ed. Elsevier. Madrid</li> <li>- Johnson, Marion et al (2009). Interrelaciones NANDA, Noc, Nic. Diagnósticos enfermeros, resultados e intervenciones. Ed. Elsevier. Madrid</li> <li>- Alfaro-Lefevre, R. (2009). Pensamiento Crítico y Juicio Clínico en enfermería. Ed. Elsevier. Madrid</li> <li>- CHUAC (2008). Manual de Diagnósticos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña..</li> <li>- CHUAC (2008). Manual de Procedimientos de Enfermería do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña..</li> <li>- (). .</li> </ul> <p>A Bibliografía básica para esta asignatura, ademáis da expresada relacionada neste apartado está relacionada coa das materias que se recomenda ter cursadas no momento de comenzar as Estancias Clínicas III. Ver o apartado 9 Recomendacións. Fistera <a href="http://www.fistera.com/">http://www.fistera.com/</a></p>
<p><b>Complementary</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Kübler-Ross E. (1993). Sobre la muerte y los moribundos. Ed. Grijalbo. Barcelona</li> <li>- Bardají Fandós T. (2008). El diario reflexivo como herramienta de autoaprendizaje en la formación de enfermería . Revista Nursing, Agosto-2008; 26(7):52-8</li> </ul> <p>Bibliografía que complementa ós libros básicos da asignatura e que os docentes poden recomendar a través da páxina web da asignatura ó longo do curso académico.</p>

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Enfermería Clínica (I y II)/750G01012  
 Enfermería da Saúde Mental/750G01015  
 Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016  
 Estancias Clínicas I/750G01025  
 Estancias Clínicas II/750G01026  
 Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004  
 Cuidados Básicos en Enfermería/661G01006  
 Fundamentos da Enfermería/661G01007  
 Bases para a interpretación do coñecemento científico/661G01008

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Enfermería clínica III/750G01017  
 Enfermería Xerontolóxica/750G01020

### Subjects that continue the syllabus

Estancias Clínicas IV/750G01028  
 Estancias Clínicas V/750G01029  
 Estancias Clínicas VI/750G01030  
 Estancias Clínicas VII/750G01031  
 Practicum/750G01032

### Other comments

Segundo establece o Título de Grao en Enfermería e necesario ter superadas as Estancias Clínicas I e II para poder matricularse nesta materia.

(\* )The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.